

Non se poderán establecer determinacións coherentes de protección e actuación no conxunto dos cruceiros sen antes afondar nas compoñentes sociais nas que se desenvolven os levantamentos de cruceiros, sen estudar a súa morfoloxía e tipoloxía e sen ter constatado o marco xeográfico e cultural no que se desenvolve esta manifestación da arte, reflexo do "pecaminoso", camiño do devir humano.

É por isto que se fai necesaria unha serie de estudos paralelos ó desenvolvemento deste Plan Parcial que entronque coa realidade actual para poder establecer determinacións oportunas.

1. ORIXE DOS CRUCEIROS

O cruceiro é unha creación foránea pero atopa en Galicia o marco idóneo que o leva a converterse nunha das manifestacións de máis entidade da arte popular galega.

O desexo de cristianizar os miliarios romanos, colocando cruces sobre eles, conducíranos, cando se lle incorporaren os chanzos nos que se axeonllarán ou repousarán os peregrinos, á cruz de peregrino. A esta cruz faltáballe un elemento esencial: O fuste, que se sitúa sobre a base pétreo e a súa función é soste-la cruz en alto. A incorporación do fuste prodúcese polo desexo de imitar as cruces procesionais góticas, que exhiben no anverso a imaxe de Cristo crucificado e no reverso a da Virxe; o culto da cal experimenta nestes momentos un gran auxe grazas á difusión das ordes mendicantes.

O cruceiro é, pois, creación gótica, manifestándose o seu carácter no dramatismo e na forza expresiva das escenas: Cristo crucificado na cruz, coa coroa de espiñas e os tres cravos; a Virxe das Dores, a nai sostendo o cadáver do fillo no seu colo, etc. ..., e no fuste pétreo que se alonga ata tocar o ceo revelándonos deste xeito o ímpeto ascensional tan característico da época gótica.

Crese que o cruceiro penetrou en Galicia polo camiño Francés, pero a vía de entrada máis importante foi, sen lugar a dúbidas, a marítima; abonda para confirmalo o feito de que sexa en tódalas zonas costeiras onde se dea a maior densidade de cruceiros; e o feito das asombrosas semellanzas entre os nosos cruceiros e os da Bretaña, pobo co que Galicia mantivo estreitas relacións marítimas e comerciais.

2. EXPANSION DOS CRUCEIROS.

Son fundamentais dúas ideas para explica-la enorme difusión e culto do cruceiro en Galicia:

- O purgatorio.
- O franciscanismo

2.1. O purgatorio.

As ordes mendicantes, de formación popular, provocaron en toda Europa unha preocupación pola morte, non só polo seu carácter igualitario e inminente, senón polo temor de comparecer diante de Deus e sufrilo seu inexorable Xuízo.

A morte xa non era o comezo dunha nova vida, senón a perspectiva do Inferno que os frades pintaban con todo luxo de detalles.

Galicia rexeitou as patéticas representación do Inferno e acolleu- se á idea consoladora do Purgatorio, que satisfacía a sensibilidade dos crentes, pois só se concibe que os mortos queridos pasen por estados de purificación que lles permitan gozar da Gloria Celestial o día do Xuízo.

E a fins do século XVI e por obra dos Xesuítas cando xorde este entusiasmo polo Purgatorio e a devoción ás almiñas.

A xente, entón, ergue cruceiros que se aplican en favor das almas. Os cruceiros son, pois, oracións de pedra imperecedoiras, que se erixen para ganar en vida as indulxencias que so poidan necesitar no outro mundo.

2.2. Os franciscanos

Galicia foi o primeiro lugar onde se asentaron os franciscanos e fundaron novos conventos, estendendo deste xeito b culto á cruz. Foron os primeiros en utiliza-lo idioma do pobo na súa oratoria polo que non é de estrañar que as súas ideas calaran ben fondo na relixiosidade vulgar.

O culto á cruz atopa pois, a súa máxima manifestación artística no cruceiro que se xeneraliza durante o século XV, pero é no Barroco cando o xenio creativo dos mestres canteiros atinxe o máximo apoxeo.

3. ESTRUCTURA DOS CRUCEIROS.

... Cando a pedra durmida e acochada
da terra nai no agarimoso ser
esperta do seu sono milenario
e quer ser oración e pensamento
florece nun vacal, estende os brazos
e pódose de pe, faise cruceiro.
CÁBANILLAS.

Entre os elementos básicos distinguimos:

3.1. Baseamento.

Componse de:

- Plataforma ou bancada:

Está formada por varias bancadas de “sillares” con forma de pirámide cuadrangular truncada. Esta plataforma acostuma aparecer en tódolos cruceiros agás nos máis rústicos ou sinxelos.

- Pedestal, soporte do mastro ou base:

E unha peza de rexias proporcións e forma diversa, xeralmente cuadrangular-trapezoidal. Algunhas veces leva gravada unha inscrición indicando a data e o nome do devoto que construíu ou mandou construílo cruceiro, tamén leva gravado o motivo polo que se constrúen e as indulxencias que se conceden a quen rece unha oración diante do cruceiro. Adoita estar ornamentada con relevos.

Moitos cruceiros dependentes de igrexas e santuarios, teñen ó pé do baseamento unha mesa de pedra onde se pousan os santos en procesións para reverencialos e incensalos.

Esta mesa de pedra tamén se ve nos cruceiros de vellas encrucilladas, onde é costume pousa-los mortos que se levan a enterrar, mentres o cura di o responso.

3.2. Varal, vara, esteo, mastro e fuste.

É a columna que sostén a cruz, case sempre é de factura ortogonal ou cilíndrica, lisa ou con estrías.

É frecuente atopar santos esculpidos na vara e instrumentos da paixón e outros símbolos, así como tamén atopar escenas do paraíso terreal co pecado dos nosos primeiros pais.

3.3. Capitel.

Ten forma tronco-piramidal invertida. Presenta xeralmente unha decoración de volutas, con catro cabezas de anxo en cada unha das caras do capitel. Adoita presentar motivos simbólicos, q significado dos cales concorda Coas figuras da cruz. Así no lado onde se mostra a crucifixión adoita ter unha caveira, no lado da Virxe, un sol; nos laterais, querubíns. É no capitel onde se colgan con máis frecuencia os faroliños de aceite que alumean os cruceiros.

3.4. A cruz.

Atópase encima do capitel, é a parte máis importante do cruceiro. Non soamente é o obxecto máis estimado da nosa veneración, é tamén o froito en pedra na nosa arte popular.

No seu anverso represéntase o suplicio de Xesús; no seu reverso a dor de María, repartindo os pesos de tal xeito que o equilibrio estático e emocional resulta perfecto.

Os canteiros galegos ó esculpira figura do Fillo pensaron no sufrimento físico e ó esculpira figura da Nai no sufrimento moral.

As dúas dores están cravadas na mesma cruz, como interpretacións diferentes do mesmo drama.

A cruz en si mesma non trata de imitalo madeiro infamante, senón que é o símbolo da Redención.

Parece ser que a verdadeira Cruz, a do suplicio, non foi a que se representa nas crucifixións artísticas; é dicir a latina, antropomorfa, senón que se vén chamando “patibulata”, en forma de tau e a miúdo resérvase para as imaxes dos dous ladróns.

4. MOTIVOS ICONOGRÁFICOS.

Os motivos que aparecen nos cruceiros son moi ricos e variados pero destacan:

4.1. Os santos.

Galicia conta con moitos santos familiares que non figuran no santoral católico, nin se mencionan nos calendarios litúrxicos, porque só están canonizados pola piedade do pobo e, pola compracencia da Igrexa véñense tolerando nos altares rústicos na nosa terra.

Son os “santiños”¹ amigos que curan as doenzas do corpo e do espírito, os protectores do campo e das facendas ós que as xentes fan romarías e respectan como os seus advogados. Con frecuencia atopamos estes santos esculpidos en alto relevo nos varais dos cruceiros galegos.

4.2. O pecado orixinal.

Nun principio é representado a través dunha caveira que simboliza a morte temporal da que Xesús saíu triunfante e por iso aparece acompañada da serpe tentadora ou dunha píntega que representa a morte espiritual, o pecado, da que tamén saíu vitorioso o Fillo.

Aconteceu que a caveira e a serpe simbólicas que aparecen nos nosos cruceiros transformáronse despois na escena real do Paraíso, que se representa a miúdo na parte baixa dos varais.

É necesario dicir que a vella alegoría (a caveira e a serpe) non dexenerou nin perdeu o seu significado, senón que se transformou en relato, en narración, como correspondía ó realismo imposto nas artes relixiosas despois do Concilio de Trento.

A representación do pecado orixinal nos cruceiros galegos resalta o momento da tentación. A forma de serpe endexamais está humanizada, pero non se nega que ós nosos canteiros lles gusta rirse do demo e representan a serpe de forma humorística.

O sentimento de pudor que se manifesta en Adán e Eva responde á actitude instintiva coa que se veñen representando nas artes plásticas; e dicir, tapándose coas mans ou con follas de árbores.

4.3. Cristo crucificado.

Sitúase no anverso da cruz que coroa o cruceiro. É a partir do século XIII e por influxo de S. Francisco cando se dá entrada á cruel realidade presentándonos a un Cristo morto, con tres cravos, coa particularidade de que o pé dereito sempre monta o esquerdo. A chaga de "Longinos" aparece marcada no costado dereito, é dicir, no lugar da escena onde se colocan os elementos máis nobres: O ladrón bo, o sol, a Virxe, ... Do mesmo xeito a tendencia a representar a Cristo coa cabeza inclinada sobre o ombro dereito vén dos primeiros tempos da iconografía cristiá

A miúdo, represéntase a caveira debaixo do crucifixo, simbolizando á humanidade pecadora, salvada polo sangue da redención vertida na Cruz.

A falta de orixinalidade dos cruceiros soamente é visible na figura do redentor, que responde a modelos repetidos e vistos; pero os mestres canteiros só imitan a traza xeral dos modelos, suplindo con estilizacións caprichosas os detalles anatómicos do corpo de Cristo, ou engadíndolle aditamentos moi sutís.

É destacable o gran repertorio de estilizacións labradas no corpo de Cristo que se poden recoller nos cruceiros galegos que non se repiten nin en crucifixos labrados polo mesmo artista.

4.4. A Virxe María.

Aparece no reverso da cruz. A Virxe posúe múltiples advocacións pero fundamentalmente represéntase como:

- Dolorosa: É a partir do século XV e coincidindo coa prosperidade das Ordes -Mendicantes cando xorde a figura da Dolorosa, que exalta a paixón e o sufrimento de María. Represéntanse as Sete Angustias da Virxe, por sete espadas cravadas no corazón, dispostas en forma de abano. Caracterízase por levar mantos pesados.
- Virxe das Angustias ou Piedade: É, despois do Crucificado, a imaxe que con máis frecuencia aparece nos cruceiros. A figura da Nosa Señora da Piedade co fillo morto no regazo, comprende as representacións do amor maternal.

Xeralmente o Fillo é mais pequeno cá Nai, e esta anomalía obedece a razóns de carácter material e moral.

A piedade dos nosos cruceiros está colgada e os nosos artistas escolleron a forma romboidal para distribuír mellor os pesos. O rombo está formado pola silueta da Virxe e dentro deste vulto caben todas as variacións da figura de Cristo, sen máis limitacións que a do tamaño, que é menor para que a composición sé manteña en equilibrio estable.

En canto ó carácter ideolóxico desta aparencia diremos que se representa a dor de María e que Xesucristo sempre é un neno no colo de súa nai (os nosos canteiros non podían imaxinar a un home no regazo de súa nai.).

Hai que sinalar que os Cristos galegos adoptan posturas variadísimas no regazo da súa nai.

4.5. San Francisco.

O influxo do santo e a súa Orde en Galicia é enorme. A eles debémoslles a difusión de novos cultos e o emprego do idioma do vulgo na súa oratoria, o feito de considerar a música e a poesía dos xograres como elementos importantísimos do seu apostolado, etc. ...

Isto explica a aparición de San Francisco nos cruceiros.

Algunhas veces substitúe á Virxe ou aparece nos varais acompañado doutros santos, etc.

Pode dicirse que é o santo que máis a miúdo se representa nos cruceiros galegos.

5. TIPOS DE CRUCEIROS

5.1. Cruceiro de estrutura simple.

Presenta unha estrutura moi sinxela en canto á disposición dos seus elementos, non ten plataforma nin bancada; a base é rústica de forma cuadrangular, sen ningún tipo de inscrición ou relevo; o fuste ten forma cuadrangular nos extremos, coas arestas biseladas no resto, polo que adopta forma ortogonal, sen ningún tipo de ornamentación; o capitel ten forma cuadrangular sen decoración, a cruz atópase encima do capitel sen ningunha efixie por ambos lados.

5.2. Cruceiro de estrutura complexa.

Ten plataforma cun número variable de bancadas. A base moi coidada e elaborada ten con frecuencia inscricións ou relevos. O fuste, de sección variable pode presentar relevos ou pequenas esculturas. O capitel conta con volutas nas esquinas e querubíns nas varas. A sección da cruz é de formas moi variadas e representa esculturas a ambos lados: Cristo crucificado e a Dolorosa ou a Virxe das Angustias.

5.3. Cruceiros de capela ou de Loreto

Desde Rianxo a Noia, seguindo a costa, hai moitos cruceiros de columna grosa e en lugar de capitel unha capela na que sempre aparece a imaxe da Nosa Señora. Chámanse cruceiros de Loreto; os máis antigos datan do século XVI. Hai que relacionar isto co feito de que no ano 1587 o Papa Sixto V fundou a Orde da Nosa Señora do Loreto, contra a bandidaxe. Esta zona estaba sempre ameazada por corsarios e piratas, de aí que o culto á Virxe do Loreto tivera unha grande implantación.

Estes cruceiros levan a imaxe do Cristo crucificado no anverso da cruz, e no reverso non atopamos a escultura da Virxe, posto que esta xa aparece na capela.

5.4. Calvarios.

Trátase dun grupo de tres cruceiros. Case sempre son simples sen ornamento nin estatuaría. Representan a crucifixión de Cristo cos dous ladróns. As cruces dos ladróns adoitan ser máis pequenas cás do Redentor e moitas veces teñen forma de tau ou patibulata, reservando a forma latina para o crucifixo que ocupa a posición central.

Esta tipoloxía en Galicia só se usa como última estación do Vía-Crucis. Ocasionalmente mostra imaxes.

5.5. Vía-Crucis.

As Ordes Mendicantes multiplicaron as devocións populares e naceron outros motivos artísticos. Destaca o Vía-Crucis que representa con cruces os catorce episodios do drama redentor. Esta foi unha devoción propia dos franciscanos desde o século XVI.

Os camiños da Cruz creáronse polo desexo de ir a Xerusalén e percorrelas pasos que Cristo seguiu na súa ascensión ó Calvario. O Vía-Crucis é, polo tanto, unha compensación, unha equivalencia que, por intención dos devotos, serve por unha viaxe a Terra Santa.

A importancia desta nova práctica foi inmensa. Pódese dicir que non houbo freguesía aldeá que non tivera o seu correspondente Vía-Crucis representado por cruces de pedra ó lado da igrexa ou no cemiterio.

6. OUTROS ELEMENTOS.

6.1. Peto de ánimas.

Cando no século XIV as pestes invadiron Europa produciuse un espanto xeneralizado que non era medo a morrer senón medo a condenarse.

Neste momento as imaxes do inferno invaden as igrexas e xorde a idea indulxente do Purgatorio, que en Galicia eclipsou á do Inferno. É certo que as representacións populares do Purgatorio en Galicia xurdiron coa exaltación das indulxencias e por efecto da Contra-Reforma, de maneira que o influxo eclesiástico foi decisivo na devoción que Galicia sentiu e sente polas almas dos seus mortos queridos.

A idea de Purgatorio produciu a expansión dos cruceiros e a invención dos "retablos de ánimas", que demandan esmola e oracións á beira dos camiños.

No Sur de Galicia e no Norte de Portugal son moi abundantes os retablos e oratorias de almas e aparecen á beira dos camiños aldeáns monumentos que están sós ou agrupados ós cruceiros e case sempre con "petos" para recoller esmolas que sé aplican ó pago de misas.

Nos retablos de pedra vense almas en actitude de súplica, cheas de resignación, queimadas no lume purificador.

Nestes monumentos o facer popular é máis visible ca nos cruceiros.

A pintura consérvase mellor nas oratorias de almas ca nos cruceiros, por estar mellor resgardada dos embates do tempo. Moitas veces están coroadas por cruces simples ou decoradas.